

REGULAMENTO RUTA BTT “IV DESAFÍO SEN CADEA 2018”

1- O Clube ciclista Tolemia Bike (de aquí en diante Tolemia Bike) en colaboración co Concello de Vila de Cruces, organizan o **IV Desafío Sen Cadea**, evento que terá lugar o **domingo 11 de novembro de 2018**. Trátase dunha proba cicloturística non competitiva e non federada que pretende o disfrute da actividade física e a posta en valor do entorno natural. Conta cun percorrido aproximado de 60/40/27km en función da opción que escollo o participante cunha dificultade técnica baixa e física medio alta.

2.- Poderán participar todos aqueles deportistas **maiores de idade** (ou menores de idade e maiores de 16 anos con autorización paterna) que acepten e cumpran as condicións regulamentarias da marcha e que se inscriban no xeito e prazos precisos.

3.- O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o mércores día **7 de novembro de 2018 ás 23:59 horas**, ou unha vez inscritos un total de **250 participantes**. Para facer efectiva a inscrición será necesario acceder a web: <http://emesports.es/> e seguir os pasos que alí se detallan. O prezo por participante será de 12€ ata o día 31 de outubro e de 15€ en adiante. Non se aceptarán pagos en man nin o mesmo día da proba, tampouco se admitirán inscricións, baixo ningún concepto, fora dos prazos marcados.

4.- A inscrición dá dereito a participación na proba e incluírá: dous avituallamentos (un líquido e outro sólido/líquido), agasallo cortesía da organización, servizo de lavado de bicicletas, servizo de ambulancia, servizo de recollida no caso de avaría, seguros de responsabilidade civil e de accidentes deportivos, servizo de duchas, vestiarios, aparcamentos de balde así coma unha pinchada gratuita de confraternización que se celebrará ao remate da ruta no pavillón municipal para a cal pregamos confirmen asistencia para poder facer un cálculo dos comensais.

5.- A concentración e **entrega de dorsais realizarase no Pavillón Municipal de Vila de Cruces a partir das 8:00 horas e ata as 8:45** do domingo 12 de novembro. A saída da proba darase ás 9:00 horas no parque situado nas proximidades do pavillón, lugar no cal estará colocado o arco de cronometraxe e dende onde se realizará a saída e a chegada cronometradas. A recollida de dorsais farase de xeito individual, podendo a organización solicitar documento que acredite a identidade do participante. **Dende a organización pedimos encarecidamente PUNTUALIDADE**

6.- **O emprego do casco é obrigatorio** e non levar posto este elemento de protección suporá a inmediata retirada da proba.

7.- O percorrido do desafío transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de Vila de Cruces, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación. Aínda así, a organización contará coa colaboración de voluntarios para sinalar os puntos máis conflictivos

8.- Tódolos participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o percorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamento. Non acatar esta norma suporá a inmediata expulsión da proba.

9.- O clube Tolemia Bike contará con servizo de ambulancia para calquera incidente que se poida producir durante a realización da proba. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así coma os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Enténdese que todo participante asume e coñece os riscos inherentes á practica do ciclismo de montaña.

10.- Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido. A organización non disporá de servizo de reparacións. En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono situado no dorsal a achegarse ao cruce con estrada máis próximo para a súa recollida.

11.- O IV Desafío “Sen Cadea” Consta de tres opción de percorrido curto (25km) medio (40km) longo (60km) para que todo Biker poida participar sen importar o seu nivel físico. Calquera ciclista que chegue aos diferentes puntos de corte cunha media de velocidade inferior a 10 km/h será desviado pola opción curta. En caso de que opte por continuar pola longa, en contra das indicacións da organización deberá retirar o dorsal e entenderase que o fai por libre, non podendo a organización garantir a súa seguridade.

12.- Ao finalizar o desafío realizaranse diferentes sorteos

14.- Ante o problema que vimos sufrindo con respecto ás sinais do marcaxe que desaparecen ou cambian de sentido durante a noite sen que dende a organización poidamos facer nada ao respecto, aconsellamos encarecidamente que todos aqueles participantes que dispoñan de GPS traigan o Track cargado minimizando así tamén as perdas. Para elo Faremos públicos os tracks con antelación suficiente.

15.- Para poder participar no desafío é obrigatorio ter entregado o descargo de responsabilidade, que se pode traer cumplimentado da casa para poder axilizar a entrega de dorsais, habendoos tamén a disposición dos participantes o día da proba.

16.- O feito de inscribirse na proba supón a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento, dando por sentado que os participantes o leron.

17.- A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

18- O clube Tolemia Bike garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, e así, de acordo coa Ley Orgánica 18/1999, o participante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos nos ficheiros automatizados existentes no clube e o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias do mesmo. A política de privacidade do Clube Tolemia Bike asegúralle, en todo caso, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición segundo os termos establecidos na lexislación mediante escrito dirixido a Tolemia Bike Clube Ciclista, baixos do centro de saúde s/n Vila de Cruces, Pontevedra. O participante acepta que os seus datos poidan ser cedidos a terceiros unicamente para o desenrolo e a xestión administrativa interna do clube. A aceptación do firmante ten sempre carácter revocable sen efectos retroactivos. Ao efectuar e validar a inscrición o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquer tipo de procedemento legal contra o clube derivada da súa participación.